

ción con posterioridade á aprobación da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, o financiamento da cotización á Seguridade Social dos perceptores da renda activa de inserción a que se refire o artigo 4 deste real decreto, imputable ao exercicio económico de 2006, sufragarase con cargo ao orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición transitoria terceira. *Solicitudes e admisións en programas de renda activa de inserción anteriores.*

As solicitudes e as admisións ao programa de renda activa de inserción anteriores á entrada en vigor deste real decreto regularanse pola normativa vixente na data da solicitude.

Disposición derogatoria. *Derogación do Real decreto 393/2006, do 31 de marzo.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto derrégase o Real decreto 393/2006, do 31 de marzo, polo que se prorroga para o ano 2006 o Programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego, regulado polo Real decreto 205/2005, do 25 de febreiro.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor e aplicación.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

O previsto neste real decreto aplicaráselles aos traballadores desempregados que soliciten o dereito á admisión ao programa a partir da súa entrada en vigor.

Dado nas Palmas de Gran Canaria o 24 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,  
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

**21274** *ORDETAS/3698/2006, do 22 de novembro, pola que se regula a inscrición de traballadores estranxeiros non comunitarios nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación. («BOE» 291, do 6-12-2006.)*

A Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada polas leis orgánicas 8/2000, do 22 de decembro, 11/2003, do 29 de setembro e 14/2003, do 20 de novembro, establece no seu artigo 10.1, que os estranxeiros que reúnan os requisitos previstos nesta lei orgánica e nas disposicións que a desenvolvan terán dereito a exercer unha actividade remunerada por conta propia ou allea, así como ao acceso ao sistema da Seguridade Social, de conformidade coa lexislación vixente.

Igualmente, o artigo 36 da Lei orgánica 4/2000 prevé que os estranxeiros maiores de dezaseis anos que desxen

exercer en España calquera actividade lucrativa, laboral ou profesional, necesitan obter a correspondente autorización administrativa para traballar.

Todo iso determina que os estranxeiros non poidan traballar mentres non obteñan a preceptiva autorización, que leva consigo a concesión por parte da autoridade laboral dunha autorización para traballar da clase que corresponda en función do tipo de actividade que se vai desenvolver, ou dunha excepción á obriga de obter a dita autorización para traballar.

Do anterior infírese que o réxime de autorizacións administrativas comentado ten unha indubidable repercusión na vida laboral do traballador e no recoñecemento e disfrute dos seus dereitos sociais.

Ademais, o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, permite modificar determinadas situacións dos estranxeiros en España accedendo a unha autorización de residencia e traballo sempre e cando exista un contrato ou oferta de emprego do empresario que lle garanta ao traballador unha actividade continuada durante o período de vixencia da autorización para residir e traballar.

Por outro lado e tendo en conta que a organización do Sistema Nacional de Emprego xira arredor da inscrición dos demandantes nos correspondentes servizos públicos de emprego para a intermediación laboral, o acceso a servizos de mellora da súa ocupabilidade e, se é o caso, a prestacións por desemprego, resulta preciso clarificar a forma de dar cumprimento a este trámite por parte dos demandantes de emprego estranxeiros.

Na súa virtude e de acordo coas facultades conferidas na disposición derradeira primeira do Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, consultadas as comunidades autónomas, así como as organizacións sindicais e empresariais máis representativas, logo do informe do Ministerio do Interior e da Comisión Interministerial de estranxeiría e logo da aprobación do ministro de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Para os efectos desta orde ministerial poderán inscribirse como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación aqueles estranxeiros non comunitarios, maiores de dezaseis anos que, en aplicación da vixente normativa sobre permanencia e traballo dos estranxeiros en España, teñan recoñecido o dereito de acceso ao mercado de traballo.

2. Considérase traballador estranxeiro para os efectos de aplicación desta orde ministerial, toda persoa física que carecendo da nacionalidade española e non sendo nacional dos estados membros da Unión Europea, nin dos outros estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, exerza ou trate de exercer en España unha actividade lucrativa, laboral ou profesional xa sexa por conta propia ou allea.

3. Igualmente, considéranse traballadores estranxeiros, para os efectos de aplicación desta orde ministerial, todas as persoas físicas nacionais de Estados membros que estean condicionadas por períodos transitorios para a libre circulación de traballadores, durante a vixencia de tales períodos.

4. O disposto nesta norma entenderase en todo caso, sen prexuízo do establecido en leis especiais e en tratados internacionais en que España sexa parte.

**Artigo 2. Documentos acreditativos que dan dereito de acceso ao mercado de traballo.**

1. O dereito de acceso ao mercado de traballo a que se fai referencia no artigo anterior concrétese na posesión dunha autorización administrativa para traballar, ou ben, non estando en posesión dela e encontrándose legalmente en España, estar en condicións de acceder a ela.

2. Poderanse inscribir como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación os titulares, en idade laboral, dos documentos seguintes, durante a vixencia destes ou coas condicións previstas nesta orde:

a) Autorización de residencia permanente, acreditada coa tarxeta de identidade de estranxeiro ou coa resolución pola cal se conceda a dita autorización, segundo o previsto no artigo 3 desta orde.

b) Autorización de residencia temporal, acreditada coa tarxeta de identidade de estranxeiro ou coa resolución pola cal se conceda a dita autorización, segundo o previsto no artigo 4 desta orde.

c) Autorización de residencia temporal en virtude de reagrupación familiar, acreditada coa tarxeta de identidade de estranxeiro ou coa resolución pola cal se conceda a dita autorización, segundo o previsto no artigo 5 desta orde.

d) Autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais: por razóns humanitarias, por colaboración coas autoridades administrativas, policiais, fiscais ou xudiciais, ou por razóns de interese público ou de seguranza nacional, acreditada coa tarxeta de identidade de estranxeiro ou coa resolución pola cal se conceda a dita autorización, segundo o previsto no artigo 6 desta orde.

e) Autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais por razóns de arraigo e por razóns de protección internacional, acreditada coa tarxeta de identidade de estranxeiro ou coa resolución pola cal se conceda a dita autorización, segundo o previsto no artigo 7 desta orde.

f) Autorización de residencia temporal e traballo por conta allea, acreditada coa tarxeta de identidade de estranxeiro ou coa resolución pola cal se conceda a dita autorización, segundo o previsto no artigo 8 desta orde.

g) Autorización de residencia temporal e traballo por conta propia, acreditada coa tarxeta de identidade de estranxeiro ou coa resolución pola cal se conceda a dita autorización, segundo o previsto no artigo 9 desta orde.

h) Autorización de residencia temporal a favor dun menor estranxeiro non acompañado, en idade laboral, acreditada coa tarxeta de identidade de estranxeiro ou coa resolución pola cal se conceda a dita autorización, ou acreditación dos servizos de protección de menores da comunidade autónoma, segundo o previsto no artigo 10 desta orde.

i) Visado para a busca de emprego dirixido a fillo ou neto de español de orixe, ou visado para a busca de emprego para determinados sectores de actividade ou ocupacións, segundo o previsto no artigo 11 desta orde.

j) Autorización para investigación e estudos acreditada co visado de estadia por estudos ou coa tarxeta de identidade de estranxeiro, segundo o previsto no artigo 12 desta orde.

k) Autorización de residencia temporal con excepción á autorización de traballo, acreditada coa tarxeta de identidade de estranxeiro ou coa resolución pola cal se conceda a dita autorización, segundo o establecido na disposición adicional primeira desta orde.

l) Documento de solicitante de asilo onde conste a inscrición «autoriza a traballar», segundo o establecido no artigo 13 desta orde.

m) Documento de identidade dos refuxiados e dos familiares a quen se recoñecese extensión familiar para residir en España, segundo o establecido no artigo 14 desta orde.

n) Documento de identidade dos apátridas, segundo o establecido no artigo 15 desta orde.

3. Os documentos a que se fai referencia no número 2.k) permitirán a inscrición como demandantes de emprego en razón da súa condición de solicitantes ou beneficiarios de prestacións por desemprego, segundo o previsto na disposición adicional primeira desta orde.

4. Sempre que sexa exixible, o traballador deberá posuír a titulación debidamente homologada ou acreditar a capacitación exixida para o exercicio da profesión.

5. Previo ao inicio da actividade laboral, o empresario que vaia contratar estes traballadores será o responsable, segundo o caso, de comprobar a vixencia das autorizacións, os requisitos de actividade laboral e ámbito territorial para o que vai ser contratado, ou ben obter a solicitude de autorización de residencia e traballo por conta allea, segundo os distintos requisitos e procedementos establecidos no Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

**Artigo 3. Autorización de residencia permanente.**

1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen ningunha limitación, salvo a derivada da vixencia da propia autorización de residencia, os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia permanente, de conformidade co establecido no artigo 71 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, que habilita os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia permanente a poder traballar sen necesidade de solicitar unha autorización de traballo.

2. Igualmente se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares das autorizacións caducadas a que fai referencia o punto anterior cando acrediten ter solicitado a renovación desta con copia da solicitude.

A renovación deberá terse solicitado cunha antelación de 60 días naturais previos á data da súa expiración, podendo, non obstante, terse solicitado dentro dos tres meses posteriores á data en que finalizase a súa vixencia, segundo o establecido no número 2 do artigo 74 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

A validez desta solicitude de renovación para a inscrición como demandante de emprego será ata os tres meses seguintes da data de presentación da dita solicitude no rexistro do órgano competente para tramitalas ou ata a súa resolución.

3. Transcorrido o prazo de tres meses indicado no punto anterior, se a solicitude non se resolveu, entenderase estimada de acordo co establecido no número 2 da disposición adicional primeira da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro e, por tanto, tamén se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares destas autorizacións caducadas xunto co certificado que acredite a renovación por este motivo.

4. Tamén se poderán inscribir como demandantes de emprego coa propia solicitude de autorización de residencia permanente sempre e cando estea amparada no número 1 do artigo 72 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, que fai referencia ao dereito a obter unha autorización de residencia permanente por ter residido legal e continuamente en territorio español durante cinco anos sempre e cando a Administración non resolverse expresamente no prazo de tres meses desde a presentación da solicitude por entenderse que a resolución é favorable, de conformidade co establecido no artigo 73.5 do regulamento anteriormente citado, xunto co certificado accredi-

tativo do silencio administrativo da solicitude de autorización de residencia permanente.

5. Igualmente se poderán inscribir como demandantes de emprego coa propia solicitude de autorización de residencia permanente sempre e cando estea amparada nos números 3.a) e 3.b) do artigo 72 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, que fan referencia ao dereito a obter unha autorización de residencia permanente aos estranxeiros residentes que sexan beneficiarios dunha pensión contributiva de xubilación incluída dentro da acción protectora do sistema español da Seguridade Social, ou dunha pensión contributiva de incapacidade permanente absoluta ou de grande invalidez incluída dentro da acción protectora do sistema español da Seguridade Social ou de prestacións análogas ás anteriores, obtidas en España e consistentes nunha renda vitalicia, non capitalizable, cando a Administración non resolverse expresamente no prazo de tres meses desde a presentación da solicitude por entenderse que a resolución é favorable, de conformidade co establecido no artigo 73.5 do regulamento anteriormente citado, xunto co certificado acreditativo do silencio administrativo da solicitude de autorización de residencia permanente.

6. Os servizos públicos de emprego e as axencias de colocación poderanlles ofrecer calquera servizo aos demandantes inscritos a que fai referencia este artigo.

#### Artigo 4. *Autorización de residencia temporal.*

1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen ningunha limitación, salvo a derivada da vixencia da propia autorización de residencia, os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia temporal que leven, polo menos, un ano en situación de residencia legal, de conformidade co establecido no artigo 96.1 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, que habilita os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia que leven, polo menos, un ano en situación de residencia legal a acceder á situación de residencia e traballo por conta allea cando o empregador, como suxeito lexitimado, presente solicitude de autorización para residir e traballar e se cumpran os requisitos do artigo 50, excepto as alíneas a) e f).

2. Igualmente se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares das autorizacións caducadas a que fai referencia o punto anterior cando acrediten ter solicitado a renovación desta con copia da solicitude.

A renovación deberá terse solicitado cunha antelación de 60 días naturais previos á data da súa expiración, podendo, non obstante, solicitarse dentro dos tres meses posteriores á data en que finalizase a súa vixencia, segundo o establecido nos números 1 e 5 do artigo 37 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

A validez desta solicitude de renovación para a inscrición como demandante de emprego será ata os tres meses seguintes da data de presentación da dita solicitude no rexistro do órgano competente para tramitalas ou ata a súa resolución.

3. Transcorrido o prazo de tres meses indicado no punto anterior, se a solicitude non se resolveu, entenderase estimada e, por tanto, tamén se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares destas autorizacións caducadas xunto co certificado que acredite a renovación por este motivo a que fai referencia o artigo 37.7 do regulamento citado.

4. Igualmente se poderán inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen ningunha limitación, salvo a derivada da vixencia da propia autorización de residencia temporal, os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia que leven menos dun ano de residencia legal e que xustifiquen, mediante

acreditación emitida polo órgano competente, unha necesidade, por circunstancias sobrevidas, de traballar para garantir a súa subsistencia, segundo o establecido no artigo 96.1 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000.

5. Os servizos públicos de emprego e as axencias de colocación poderanlles ofrecer calquera servizo aos demandantes inscritos a que fai referencia este artigo.

#### Artigo 5. *Autorización de residencia temporal en virtude de reagrupación familiar.*

1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen ningunha limitación, salvo a derivada da vixencia da propia autorización de residencia, os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia temporal por ter sido reagrupados aínda que leven menos dun ano de residencia legal, de conformidade co establecido no artigo 96.3 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, que habilita os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia temporal por teren sido reagrupados, aínda que leven menos dun ano en situación de residencia legal, a acceder á situación de residencia e traballo por conta allea cando o empregador, como suxeito lexitimado, presente solicitude de autorización para residir e traballar e se cumpran os requisitos do artigo 50, excepto as alíneas a) e f).

2. Igualmente se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares das autorizacións caducadas a que fai referencia o punto anterior cando acrediten ter solicitado a renovación desta con copia da solicitude.

A renovación deberá terse solicitado cunha antelación de 60 días naturais previos á data da súa expiración, podendo, non obstante, terse solicitado dentro dos tres meses posteriores á data en que finalizase a súa vixencia, segundo o establecido nos números 1 e 5 do artigo 44 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

A validez desta solicitude de renovación para a inscrición como demandante de emprego será ata os tres meses seguintes da data de presentación da dita solicitude no rexistro do órgano competente para tramitalas ou ata a súa resolución.

3. Transcorrido o prazo de tres meses indicado no punto anterior, se a solicitude non se resolveu, entenderase estimada e, por tanto, tamén se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares destas autorizacións caducadas xunto co certificado que acredite a renovación por este motivo, a que fai referencia o artigo 44.5 do regulamento citado.

4. Os servizos públicos de emprego e as axencias de colocación poderanlles ofrecer calquera servizo aos demandantes inscritos a que fai referencia este artigo.

#### Artigo 6. *Autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais: por razóns humanitarias, por colaboración coas autoridades administrativas, policiais, fiscais ou xudiciais; ou por razóns de interese público ou de seguranza nacional.*

1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen ningunha limitación, salvo a derivada da vixencia da propia autorización de residencia, os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais por razóns humanitarias, por colaboración coas autoridades administrativas, policiais, fiscais ou xudiciais ou cando concorran razóns de interese público ou de seguranza nacional a que se refiren os números 4 e 5 do artigo 45 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, de conformidade co establecido no artigo 98.3 que habilita os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia temporal que leven, polo menos, un ano en situación de residencia legal, a accederen á situación de residencia e



traballo por conta allea cando o empregador, como suxeito lexitimado, presente solicitude de autorización para residir e traballar e se cumpran os requisitos do artigo 50, excepto as alíneas a) e f).

2. Igualmente se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares destas autorizacións caducadas cando acrediten ter solicitado a renovación desta con copia da solicitude.

A renovación deberá terse solicitado cunha antelación de 60 días naturais previos á data da súa expiración, podendo, non obstante, terse solicitado dentro dos tres meses posteriores á data en que finalizase a súa vixencia, segundo o establecido no artigo 47.4 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

A validez desta solicitude de renovación para a inscrición como demandante de emprego será ata os tres meses seguintes da data de presentación da dita solicitude no rexistro do órgano competente para tramitalas ou ata a súa resolución.

3. Transcorrido o prazo de tres meses indicado no punto anterior, se a solicitude non se resolveu, entenderase estimada, de acordo co establecido no número 2 da disposición adicional primeira da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro e, tamén se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares destas autorizacións caducadas xunto co certificado que acredite a renovación por este motivo.

4. Os servizos públicos de emprego e as axencias de colocación poderanlles ofrecer calquera servizo aos demandantes inscritos a que fai referencia este artigo.

#### Artigo 7. *Autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais por razóns de arraigo ou de protección internacional.*

1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen ningunha limitación, salvo a derivada da vixencia da propia autorización de residencia, os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia por circunstancias excepcionais por razóns de arraigo ou de protección internacional, a que se refiren os números 2 e 3 do artigo 45 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, de conformidade co establecido no artigo 45.7 do citado regulamento que establece que estas autorizacións de residencia levan aparelada unha autorización de traballo para os estranxeiros maiores de idade.

2. Igualmente se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares destas autorizacións caducadas cando acrediten ter solicitado a renovación desta con copia da solicitude.

A renovación deberá terse solicitado cunha antelación de 60 días naturais previos á data da súa expiración, podendo, non obstante, solicitarse dentro dos tres meses posteriores á data en que finalizase a súa vixencia, segundo o establecido no artigo 47.4 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

A validez desta solicitude de renovación para a inscrición como demandante de emprego será ata os tres meses seguintes da data de presentación da dita solicitude no rexistro do órgano competente para tramitalas ou ata a súa resolución.

3. Transcorrido o prazo de tres meses indicado no punto anterior, se a solicitude non se resolveuse, entenderase estimada, de acordo co establecido no número 2 da disposición adicional primeira da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro e, tamén se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares destas autorizacións caducadas xunto co certificado que acredite a renovación por este motivo.

4. Os servizos públicos de emprego e as axencias de colocación poderanlles ofrecer calquera servizo aos demandantes inscritos a que fai referencia este artigo.

#### Artigo 8. *Autorización de residencia temporal e traballo por conta allea.*

1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen ningunha limitación, salvo a derivada da vixencia da propia autorización de residencia, os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia temporal e traballo por conta allea, de conformidade co establecido no artigo 49 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, que habilita para traballar os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia temporal e traballo por conta allea.

2. Igualmente se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares destas autorizacións caducadas cando acrediten ter solicitado novamente a renovación desta con copia da solicitude.

A renovación deberá terse solicitado cunha antelación de 60 días naturais previos á data da súa expiración, podendo, non obstante, terse solicitado dentro dos tres meses posteriores á data en que finalizase a súa vixencia, segundo o establecido no artigo 54.1 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

A validez desta solicitude de renovación para a inscrición como demandante de emprego será ata os tres meses seguintes da data de presentación da dita solicitude no rexistro do órgano competente para tramitalas ou ata a súa resolución.

3. Transcorrido o prazo de tres meses indicado no punto anterior, se a solicitude non se resolveu, entenderase estimada e, por tanto, tamén se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares destas autorizacións caducadas xunto co certificado que acredite a renovación por este motivo, segundo o establecido no artigo 54.10 do regulamento citado.

4. Cando se trate dunha autorización de residencia e traballo por conta allea inicial poderanse inscribir nun ámbito territorial e en actividades laborais distintas para a que se lle concedeu, de conformidade co establecido no artigo 99.1 do regulamento anteriormente citado, que habilita os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia e traballo por conta allea a solicitar a modificación do alcance da súa autorización en canto ao ámbito territorial e á actividade laboral, tendo en conta neste último caso o previsto no artigo 50.a) do mesmo regulamento respecto a que a situación nacional de emprego permita a contratación do traballador estranxeiro.

5. A inscrición que se realice cunha autorización de residencia e traballo por conta allea inicial acreditada coa resolución pola cal se concede a dita autorización deberá ir acompañada do documento acreditativo da alta na Seguridade Social. A data da alta na Seguridade Social deberá estar comprendida dentro do período polo cal se concedeu a dita autorización.

6. Os servizos públicos de emprego e as axencias de colocación poderanlles ofrecer calquera servizo aos demandantes inscritos a que fai referencia este artigo. Respecto aos demandantes inscritos a que fai referencia o número 4, poderanse ofrecer servizos sempre e cando se cumpra co establecido no artigo 50.a) do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

#### Artigo 9. *Autorización de residencia temporal e traballo por conta propia.*

1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea sen ningunha limitación, salvo a derivada da vixencia da propia autoriza-

ción de residencia, os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia temporal e traballo por conta propia, de conformidade co establecido nos artigos 97.1 e 99.2.b) do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, que lle posibilitan ao traballador estranxeiro compatibilizar a súa autorización de traballo por conta propia con conta allea ou modificar a súa autorización de residencia e traballo por conta propia a conta allea tendo en conta en ambos os casos o previsto no artigo 50.a) do mesmo regulamento respecto a que a situación nacional de emprego permita a contratación do traballador estranxeiro.

2. Igualmente se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares destas autorizacións caducadas cando acrediten ter solicitado novamente a renovación desta con copia da solicitude.

A renovación deberá terse solicitado cunha antelación de 60 días naturais previos á data da súa expiración, podendo, non obstante, terse solicitado dentro dos tres meses posteriores á data en que finalizase a súa vixencia, segundo o establecido no artigo 62.2 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

A validez desta solicitude de renovación para a inscrición como demandante de emprego será ata os tres meses seguintes da data de presentación da dita solicitude no rexistro do órgano competente para tramitalas ou ata a súa resolución.

3. Transcorrido o prazo de tres meses indicado no punto anterior, se a solicitude non se resolveu, enténdese estimada e, por tanto, tamén se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares destas autorizacións caducadas xunto co certificado que acredite a renovación por este motivo, segundo o establecido no artigo 62.6 do regulamento citado.

4. Os servizos públicos de emprego e as axencias de colocación poderanlles ofrecer calquera servizo aos demandantes inscritos a que fai referencia este artigo sempre e cando se cumpra co establecido no artigo 50.a) do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

#### Artigo 10. *Autorización de residencia temporal a favor de menores estranxeiros non acompañados ou acreditación da entidade de protección de menores.*

1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego os menores estranxeiros en idade laboral, tutelados pola entidade de protección de menores competente, titulares dunha autorización de residencia temporal a favor de menores estranxeiros non acompañados ou coa acreditación da entidade de protección de menores, para aquelas actividades que, a criterio da citada entidade, favorezan a súa integración social, segundo o establecido nos artigos 68.k) e 92.5 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro.

2. Os menores que non tivesen autorización de residencia poderán acceder, mediante a oportuna inscrición, a aquelas actividades ou programas de educación ou formación que redunden no seu beneficio, sempre e cando a dita circunstancia fose previa e individualmente xustificada pola entidade de protección de menores aos servizos públicos de emprego competentes para a inscrición.

3. A tutela dos menores deberá ser acreditada pola entidade de protección de menores competente.

4. Os servizos públicos de emprego e as axencias de colocación acordarán cos tutores, entre a oferta de servizos dispoñibles, aquelas actividades que favorezan a integración social dos menores sempre e cando a dita circunstancia fose previa e individualmente xustificada pola entidade de protección de menores.

#### Artigo 11. *Visados de busca de emprego.*

1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea os estranxeiros titulares dun visado para busca de emprego, de conformidade co establecido no artigo 39.5 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada polas leis orgánicas 8/2000, do 22 de decembro, 11/2003, do 29 de setembro e 14/2003, do 20 de novembro, que habilita os titulares destes visados a inscribirse nos servizos públicos de emprego.

2. A inscrición como demandante de emprego estará limitada á vixencia do visado.

3. Os visados para a busca de emprego dirixido a fillos e netos de español de orixe permitirán realizar a inscrición en calquera ámbito xeográfico e para calquera ocupación.

4. Os visados para a busca de emprego en determinadas ocupacións permitirán realizar a inscrición no ámbito xeográfico e ocupación para a que se concedeu o visado.

5. Os servizos públicos de emprego e as axencias de colocación poderanlles ofrecer calquera servizo aos demandantes inscritos a que fai referencia este artigo.

#### Artigo 12. *Autorización para investigación e estudos.*

1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen ningunha limitación, salvo a derivada da vixencia da propia autorización, os estranxeiros titulares dun visado de estadia por estudos ou dunha autorización de estadia por estudos, de conformidade co establecido no artigo 90.1 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, que habilita os estranxeiros titulares dunha autorización de estadia por estudos a seren autorizados a realizar actividades lucrativas laborais, en institucións públicas ou entidades privadas, cando o empregador como suxeito lexitimado presente solicitude de autorización de traballo e se cumpran con carácter xeral os requisitos previstos no artigo 50 do dito regulamento, excepto as súas alíneas a) e f).

2. Igualmente se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares dos documentos caducados a que fai referencia o punto anterior cando acrediten ter solicitado a renovación ou prórroga destes con copia da solicitude.

A renovación deberá terse solicitado cunha antelación de 60 días naturais previos á data da súa expiración, de conformidade co establecido no artigo 88.2 do citado Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

A validez desta solicitude de renovación ou prórroga para a inscrición como demandante de emprego será ata os tres meses seguintes da data de presentación da dita solicitude no rexistro do órgano competente para tramitalas ou ata a súa resolución.

3. Os servizos públicos de emprego e as axencias de colocación poderanlles ofrecer calquera servizo aos demandantes inscritos a que fai referencia este artigo.

#### Artigo 13. *Documento de solicitante de asilo en que conste a inscrición «autoriza a traballar».*

1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen ningunha limitación, salvo a derivada da vixencia do propio documento, os estranxeiros solicitantes de asilo sempre que figure no documento de solicitude de asilo ou nas súas sucesivas renovacións, a inscrición «autoriza a traballar», de conformidade co establecido na disposición adicional décimo sétima do Regulamento da Lei orgánica 4/2000,

aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, que habilita os estranxeiros titulares destes documentos a traballar por ter sido admitida a trámite a súa solicitude e non ter sido resolta transcorridos seis meses desde a presentación por causa non imputable ao interesado.

2. Os servizos públicos de emprego e as axencias de colocación poderanlles ofrecer calquera servizo aos demandantes inscritos a que fai referencia este artigo.

**Artigo 14. Documento de identidade dos refuxiados e dos familiares aos que se recoñecese a extensión familiar para residir en España.**

1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen ningunha limitación, salvo a derivada do propio documento, os titulares do documento de identidade de refuxiado, e dos seus familiares a quen se recoñecese a extensión familiar para residir en España, de conformidade co establecido no artigo 29.2 do Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro, que recoñece o dereito a residir en España e a realizar actividades laborais.

2. Os servizos públicos de emprego e as axencias de colocación poderanlles ofrecer calquera servizo aos demandantes inscritos a que fai referencia este artigo.

**Artigo 15. Documento de identidade dos apátridas.**

1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen ningunha limitación, salvo a derivada do propio documento, os titulares do documento de identidade de apátrida, que se encontren no territorio nacional, de conformidade co establecido no artigo 13.1 do Regulamento de recoñecemento do Estatuto de apátrida, aprobado polo Real decreto 865/2001, do 20 de xullo, que recoñece o dereito a residir en España e a realizar actividades laborais.

2. Con carácter previo ao inicio da actividade laboral, o empresario que pretenda contratar estes traballadores estranxeiros será o responsable de comprobar que o traballador titular do documento de identidade de apátrida cumpre co requisito de vixencia do dito documento.

3. Os servizos públicos de emprego e as axencias de colocación poderanlles ofrecer calquera servizo aos demandantes inscritos a que fai referencia este artigo.

**Artigo 16. Identificación dos traballadores estranxeiros para a súa inscrición como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación.**

Os servizos públicos de emprego e as axencias de colocación, logo de identificación do traballador estranxeiro, utilizarán para a súa inscrición como demandante de emprego, o número de identidade de estranxeiro (NIE).

**Artigo 17. Medidas de fomento de emprego e servizos prestados polos servizos públicos de emprego e axencias de colocación.**

A inscrición como demandantes de emprego de traballadores estranxeiros a que fai referencia esta norma nos servizos públicos de emprego e axencias de colocación suporá a súa equiparación en réxime de igualdade, tendo en conta a situación ou circunstancia pola que se xerou a súa inscrición, co resto de demandantes de emprego, tanto na intermediación laboral como en relación coas

medidas de fomento de emprego e os servizos para a mellora da ocupabilidade dos demandantes de emprego que prestan os servizos públicos de emprego e as axencias de colocación.

**Artigo 18. Intercambio de información.**

1. O Servizo Público de Emprego Estatal e a Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración establecerán os sistemas informativos necesarios para o intercambio daqueles datos de interese nas súas respectivas áreas de competencia, relativa aos traballadores incluídos no ámbito de aplicación desta orde, respectando o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as súas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

2. Igualmente establecerán os sistemas de información necesarios para o coñecemento da situación e evolución do mercado de traballo nacional nos distintos sectores de actividade e zonas xeográficas que permitan avaliar as previsións de cobertura de postos de traballo por traballadores estranxeiros non comunitarios.

**Disposición adicional primeira. Inscrición de demandantes de emprego por razón da súa condición de solicitantes ou beneficiarios de prestacións por desemprego.**

1. Inscibiranse como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego os estranxeiros solicitantes de prestacións por desemprego aos cales se lles concedese a excepción á autorización de traballo e durante a vixencia da dita excepción, nos supostos e nas condicións recollidas no artigo 68 do regulamento anteriormente citado.

2. A inscrición como demandantes de emprego dos titulares da autorización en vigor a que se fai referencia no punto anterior terá unha validez temporal que coincidirá co período de tempo en que manteñan a súa condición de beneficiarios de prestacións ou ata a resolución denegatoria do dereito á percepción da prestación por desemprego.

**Disposición adicional segunda. Certificacións expedidas polas áreas ou dependencias de traballo e asuntos sociais ou oficinas de estranxeiros.**

1. Poderanse inscribir nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación os estranxeiros que acheguen certificación expedida para tal fin polas oficinas de estranxeiros, en defecto destas polas áreas ou dependencias de traballo e asuntos sociais, cando acrediten que se encontran nalgún dos seguintes supostos:

- a) Ser cónxuxe ou fillo de estranxeiro residente en España cunha autorización renovada.
- b) Ter ao seu cargo ascendentes ou descendentes de nacionalidade española.
- c) Ter nacido e ser residente en España.
- d) Ser fillo ou neto de español de orixe.
- e) Os estranxeiros nacionais de países cos que España teña suscrito un acordo internacional en virtude do cal non se considere a situación nacional de emprego para a concesión do permiso de traballo.
- f) Os españois de orixe que perdesen a nacionalidade española.
- g) Ter gozado da condición de refuxiado durante o ano seguinte á cesación do estatuto.
- h) Ter sido recoñecido como apátrida e ter perdido tal condición, sempre que se encontren en territorio nacional.



i) Ser solicitante de asilo, de conformidade co previsto no artigo 15.2 do Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro.

j) Outros supostos en que proceda a expedición das certificacións, logo da súa determinación pola Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración no desempeño das súas competencias.

2. As certificacións expedidas segundo o anterior número 1 non terán, por si mesmas, ningún efecto en relación coa situación xurídica do interesado en España, polo que non serán base nin consolidarán dereito ningún de residencia que non correspondese a aquel, segundo o previsto pola Lei orgánica 4/2000 e polo seu regulamento aprobado polo Real decreto 2393/2004.

Disposición adicional terceira. *Servizos públicos de emprego.*

As referencias efectuadas nesta norma aos servizos públicos de emprego entenderanse realizadas ao Servizo Público de Emprego Estatal, ao Instituto Social da Mariña e aos correspondentes servizos públicos de emprego das comunidades autónomas que asumisen o traspaso de funcións e servizos en materia de xestión do traballo, o emprego e a formación.

Disposición adicional cuarta. *Medidas e competencias.*

Os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas que teñan transferidas as competencias en materia de xestión de traballo, emprego e formación poderán adoptar medidas no ámbito das súas competencias para a execución do disposto nesta orde ministerial.

Disposición transitoria primeira. *Modificación de identificadores.*

1. Os servizos públicos de emprego e as axencias de colocación que, no momento da entrada en vigor desta orde ministerial atendan as persoas estranxeiras incluídas no ámbito de aplicación desta que estivesen inscritas cun identificador distinto ao NIE, deberán modificalo.

2. Os servizos públicos de emprego comunicaranlle estas modificacións, no caso de beneficiarios de prestacións por desemprego, á entidade xestora das prestacións.

Disposición transitoria segunda. *Validez de documentos en vigor para a inscrición como demandantes de emprego.*

As distintas autorizacións que habilitan para residir e traballar en España concedidas ás persoas incluídas no ámbito de aplicación desta orde ministerial, e que teñan validez no momento da entrada en vigor desta orde, permitirán realizar a inscrición como demandantes de emprego durante o tempo para o que fosen expedidas, segundo o establecido na disposición transitoria primeira do Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 22 de novembro de 2006.—O ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera Sánchez-Capitán.

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**21275** *ORDE ITC/3699/2006, do 22 de novembro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado dos instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación de vehículos de motor.* («BOE» 291, do 6-12-2006.)

A Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, establece o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España, réxime a que se deben someter en defensa da seguranza, da protección da saúde e dos intereses económicos dos consumidores e usuarios, os instrumentos de medida, nas condicións que regulamentariamente se determinen. Esta lei foi desenvolvida posteriormente por diversas normas de contido metrolóxico, entre as cales se encontra o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

O real decreto traspón ao dereito interno a Directiva 2004/22/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, relativa aos instrumentos de medida, ao tempo que adapta as fases de control metrolóxico referidas á aprobación de modelo e verificación primitiva, nos instrumentos sometidos á regulamentación específica nacional, ao sistema de avaliación da conformidade que se regula na directiva citada, abordando, ademais, o desenvolvemento das fases de control metrolóxico correspondentes á verificación periódica e despois de reparación, fases que non se regulan na normativa comunitaria.

De acordo con todo isto, esta orde ten por obxecto regular o control metrolóxico do Estado sobre aqueles instrumentos ou sistemas de medida da velocidade de circulación de vehículos de motor, denominados en diante «cinemómetros», situados nunha instalación fixa ou estática e en vehículos ou aeronaves, xa sexan estáticos ou en movemento, así como sobre os seus dispositivos complementarios destinados a imprimir ou rexistrar os resultados das medidas efectuadas por estes instrumentos.

Adicionalmente modifícanse os contidos técnicos establecidos no seu día en función da experiencia obtida da súa aplicación e da evolución tecnolóxica que experimentou o instrumento desde a súa última regulación e que permite a aplicación de novas tecnoloxías en beneficio da seguranza viaria, introducindo a posibilidade de instalar cinemómetros sobre helicópteros e sistemas baseados no cálculo da velocidade media nun tramo.

Para a elaboración da orde foron consultadas as comunidades autónomas e realizouse o preceptivo trámite de audiencia aos interesados. Así mesmo, emitiu informe favorable o Consello Superior de Metroloxía.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora ambas as directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, dispoño: